

Hoxe cambiamos de estilo literario e leremos un poema de Ramón Cabanillas. Le con atención e logo contesta as preguntas:

Noite de lúa

Poñen os raios da lúa
Rachóns de gloria no ceo,
Vidros de espello no río,
Velos de prata no chan.

E o reiseñor no loureiro
debulla doces cantigas
ás que responden na Praia
brandos arrollos do mar.

Tódalas herbiñas locen
Unha pingota de orballo,
En tódalas frores brilan
coroas de craridá.

Estrelas, árbores, fonte,
Paxaros, ventos e areas...
¡Todo na noite alunada
Fala das vidas-irmáns!

¡Almas das cousas, tecidas
cos mainos fíos do Ensono,
todas, todas atopades
Un bico... un colo... un altar!

¡Soio na noite serea
o meu corazón magoado
non alcontra campañeiro
que latexe ó seu compás!



Ramón Cabanillas, *Escolma poética*, Faktoría K de Libros, 2009.

Agora contesta estas cuestións (Non é necesario que copies as preguntas):

🌙 En que lingua está escrito o poema? Que vos resulta estraño da lingua empregada?

🌙 Que tipo de texto é, literario ou non literario?

🌙 En que xénero o encadrariades?

🌙 De que se fala nel?

Fotografía as túas respostas na libreta ou descarga esta ficha, cúbrea e envíama a mestrademate@gmail.com